

Ramón Martínez Blanco, Secretario do Consello Reitor da Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde-ACIS,

CERTIFICO

Que na reunión do Consello Reitor celebrada o 29/03/2019, foi aprobado, por unanimidade dos seus membros, o seguinte punto da orde do día:

“4º. Modificación das percepcións económicas por realizar actividades formativas e de perfeccionamento da área de Xestión do Coñecemento e Talento.”

O que certifico a petición da Xerencia de ACIS

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019





BAREMO DE PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS POLA COLABORACIÓN, DE CARÁCTER NON PERMANENTE NIN HABITUAL, EN ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE PERFECCIONAMENTO QUE REALIZA A ACIS

I. Colaboracións desenvolvidas por formadores propios, que teñan a condición de empregados públicos da Administración Xeral da CCAA de Galicia e do seu sector público, por empregados públicos doutras administracións, por profesionais individuais e por persoas físicas en xeral.

A. Formación

1. Remuneracións por formación en cursos presenciais: 75 € por hora lectiva. Excepcionalmente, e atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 80 € a 150 € por hora lectiva.

2. Remuneracións por formación en cursos de teleformación.

2.1. Cursos a distancia ou de teleformación: 50 € por hora lectiva. Excepcionalmente, e atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 60 € a 100 € por hora lectiva.

2.2. Na modalidade de cursos semipresenciais ou mixtos, a retribución das horas impartidas presencialmente farase de acordo co establecido no punto 1 e a retribución das horas de teleformación segundo o establecido no apartado 2.1.

3. Actividades especiais de formación (seminarios, congresos, conferencias, simposios, xornadas ou cursos monográficos) e outras colaboracións:

3.1. Relatorios e conferencias: 200 €. Excepcionalmente, e atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 250 € a 700 € por sesión.

3.2. Leccións maxistras por profesionais de recoñecido prestixio: 500 €. Excepcionalmente, e atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 600 € a 1500 € por hora lectiva.

3.3. Comunicacións e participación en sesións e mesas redondas: 150 €. Excepcionalmente, e atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 200 € a 500 € por sesión.

4. Colaboracións de soporte técnico ou pedagóxico:

4.1. Colaboracións de asesoramento técnico ou pedagóxico, distintas da impartición de sesións docentes: 20 € por hora.

4.2. Traducións, tanto no caso de publicacións unitarias como de publicacións periódicas (en función da dificultade, o idioma e do grao de complexidade e especialización do texto) de 0,02 € a 0,08 € por palabra.

4.3. Traballos de tradución simultánea en actividades e eventos organizados pola ACIS: de 50 € a 200 € por hora, atendendo ás peculiaridades do idioma e ao tipo de actividade.



B. Programación docente e coordinacións.

1. Programación docente dun curso normalizado.

A remuneración por este concepto da primeira edición obtérase de acordo cunha escala progresiva en función das horas lectivas. As segundas e sucesivas edicións non se remuneraran posto que os traballos de preparación didáctica, a redacción do programa e a elaboración do formulario de solicitude de acreditación non deben realizarse máis que unha soa vez.

- a) Cursos de 8 horas ou menos: 90 €
- b) Cursos de 9 horas - 16 horas: 140 €
- c) Cursos de 17 horas - 50 horas: 180 €
- d) Cursos de 51 horas - 100 horas: 300 €
- e) Cursos de 101 horas ou máis: 500 €

2. Dirección de seminarios, congresos, simposios, xornadas ou cursos monográficos: 400 €

3. Coordinación de módulos ou sesións de congresos, seminarios, simposios, xornadas ou cursos monográficos: 200 €

4. Dirección de cursos de alta especialización ou superiores: 600 €

5. Coordinación de módulos de cursos de alta especialización ou superiores: 300 €

C. Delegados da ACIS:

En cada centro hospitalario, se fose necesario, poderase designar unha persoa que cumprirá unha función de interlocución e organización das actividades formativas a desenvolver nese centro.

1. Asignación fixa por ano académico: 300 €

2. Asignación por cada actividade formativa realizada na súa institución: 45 €

D. Persoal de apoio:

1. En cada actividade formativa, se fose necesario, poderase designar persoas para efectuar tarefas de secretaría e apoio técnico tales como xestión de aulas, control de asistencia, recollida e entrega de documentación, material didáctico, enquisas e probas de avaliación ademais de outras tarefas de similar carácter.

A remuneración por este concepto obtérase de acordo cunha escala progresiva en función das horas lectivas.

- a) Cursos de 8 horas ou menos: 75 €
- b) Cursos de máis de 8 horas: 75 €, máis 8 € por cada hora a maiores.

2. Nas actividades formativas realizadas na sede central da ACIS o persoal de apoio deberá efectuar as tarefas descritas no punto D.1 en todos os cursos organizados para esa data. A remuneración será de 75 € por media xornada (mañá ou tarde).



E. Dinamizadores de proxectos formativos en contornos virtuais: 150 €

Os dinamizadores de cursos de teleformación terán entre outras funcións as de xestionar, dinamizar e orientar ao alumnado durante o desenvolvemento da actividade formativa.

F. Producción editorial:

1. Elaboración de contidos e/ou unidades didácticas completas para cursos.

1.1. Redacción de textos orixinais completos de unidades didácticas e outros materiais de apoio para cursos de teleformación, a distancia ou de carácter semipresencial: 50 € por hora lectiva. Excepcionalmente, en función da complexidade e do grao de especialización e especificidade da materia, atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 60 € a 100 € por hora lectiva.

1.2. Cando se determine a necesidade de elaborar material didáctico para cursos presenciais: 150 €. Excepcionalmente, en función da extensión, dificultade técnica e metodoloxía empregada, atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 200 € a 600 € por hora lectiva.

2. Traballos técnicos de virtualización de material didáctico:

2.1. Adaptación de textos orixinais completos de unidades didácticas e outros materiais de apoio para cursos de teleformación, a distancia ou de carácter semipresencial: 20 € por hora lectiva. Excepcionalmente, en función da complexidade e do grao de especialización e especificidade da materia, atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 30 € a 60 € por hora lectiva.

2.2. Adaptación de materiais didácticos multimedia: 50 € por hora lectiva. Excepcionalmente, en función da dificultade técnica e dos sistemas utilizados para a preparación do material, atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 60 € a 150 € por hora lectiva.

3. Monografías.

Traballo científico escrito, que estuda en forma exhaustiva un tema claramente delimitado, que o desenvolve en forma léxica, e cuxo obxectivo final é transmitir o resultado da citada investigación: 500 €. Excepcionalmente, en función da extensión, dificultade técnica e metodoloxía empregada: de 600 € a 2.000 €.

4. Informes técnicos

Documentos que describen o progreso ou resultados dunha investigación técnica, ou o estado dun problema técnico: 500 €. Excepcionalmente, en función da extensión, dificultade técnica e metodoloxía empregada: de 600 € a 2.000 €.



5. Documentos de traballo.

Relatorios máis interesantes de xornadas e congresos, foros, seminarios ou reunións que organice a ACIS, así como recopilar os traballos máis destacados dos profesionais alumnos dos cursos superiores ou de especialización impartidos pola ACIS e contribuír desa forma a facilitar a súa publicación e a difusión do coñecemento: 250 €. Excepcionalmente, en función da extensión, dificultade técnica e metodoloxía empregada: de 300 € a 1.000 €.

G. Outras colaboracións

1. Asesoramento técnico, informes, avaliacións externas: 60 €. Excepcionalmente, en función da complexidade e grao e execución, atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 70 € a 300 €.
2. Participación como xurado en premios: 100 € por sesión. Excepcionalmente, en función da complexidade e grao e execución, atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 150 € a 300 €.
3. Comisión de avaliación de proxectos: 100 €. Excepcionalmente, en función do número de proxectos, asistencias e informes presentados, atendendo á base terceira do presente acordo, poderá aplicarse o seguinte rango variable: 150 € a 300 €.

II. Colaboracións desenvolvidas por entidades formativas ou persoas xurídicas e empresas consultoras privadas.

As contraprestacións económicas a entidades e persoas xurídicas alleas á Administración determinarase conforme as súas específicas previsións contractuais, segundo se fixe no correspondente contrato ou, de ser o caso, nos termos do convenio de colaboración suscrito con tal obxecto. As contías determinarase atendendo aos prezos de mercado. Non rexerán, polo tanto, as anteriormente consignadas, aínda que estas últimas operarán con carácter referencial para a concertación dos correspondentes servizos.

III. Actividades de colaboración mixta e actividades suxeitas a máis dunha modalidade de impartición.

Naquelas actividades que polas súas características así o requiran, poderase distribuír a súa carga lectiva de tal xeito que parte da actividade se realice mediante colaboración que desenvolverán formadores propios e o resto mediante colaboración de entidades formativas ou persoas xurídicas e empresas consultoras privadas. Será de aplicación para cada suposto o establecido nos apartados anteriores.

Por outra banda, cando así o requira a actividade formativa a desenvolver, unha mesma actividade poderá realizarse por máis dunha modalidade de impartición: presencial, semipresencial ou a distancia e teleformación.